



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 24/25

CENTRO: IES SANXENXO
CURSO: 3º ESO
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS
DATA: 03-10-2024



1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

| | | |
|----------------------------|--|--|
| 1ª Avaliación | Cálculo da nota da 1ª avaliación: | |
| | <i>PORCENTAXE</i> | <i>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</i> |
| | 85% | Media aritmética dos exames de cada tema (N1) |
| | 15% | Caderno do alumno, actitude de cara á materia, traballo na aula, tarefas para casa... (N2) |
| | Procedemento de recuperación da 1ª avaliación: Se a nota da avaliación N é inferior a 5 puntos o alumno realizará un exame global de todos os temas dados na avaliación Sendo NR a nota do exame global, calcúlase o valor $N^* = 0.85 \times NR + 0.15 \times N2$ e para calcular a nota final de xuño considerarase que a nota da avaliación será: a) O maior valor entre 5 e a media aritmética de N e N^* , cando N^* sexa maior ou igual que 5. b) O maior valor entre N e N^* , cando N^* sexa menor que 5. | |
| 2ª Avaliación | Cálculo da nota da 2ª avaliación: | |
| | <i>PORCENTAXE</i> | <i>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</i> |
| | 85% | Media aritmética dos exames de cada tema (N1) |
| | 15% | Caderno do alumno, actitude de cara á materia, traballo na aula, tarefas para casa... (N2) |
| | Procedemento de recuperación da 2ª avaliación: Análogo á primeira avaliación. | |
| 3ª Avaliación | Cálculo da nota da 3ª avaliación: | |
| | <i>PORCENTAXE</i> | <i>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</i> |
| | 85% | Media aritmética dos exames de cada tema (N1) |
| | 15% | Caderno do alumno, actitude de cara á materia, traballo na aula, tarefas para casa... (N2) |
| | Procedemento de recuperación da 3ª avaliación: Análogo á primeira avaliación. | |
| Cualificación Final | CÁLCULO PARA OBTEN A CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO: Farase a seguinte media ponderada: $M = 0,25 \cdot A + 0,35 \cdot B + 0,4 \cdot C$ sendo: A= nota da 1ª avaliación sen redondear B= nota da 2ª avaliación sen redondear C= nota da 3ª avaliación sen redondear | |

| | |
|--------------------------------------|---|
| | <p>Se unha vez redondeada M ás unidades é maior ou igual que 5, a nota da avaliación final é o redondeo de M.</p> <p>Se unha vez redondeada M ás unidades é menor que 5, farase un exame de recuperación global:</p> <p>Se NG é a nota do exame de recuperación global, a nota da avaliación final será o redondeo ás unidades do seguinte valor: Máx (M, 0,85·NG + 0,15·N2), onde N2 é o promedio dos correspondentes valores N2 das tres avaliacións.</p> |
| Alumnado coa materia pendente | <p>CÁLCULO PARA OBTEN A CUALIFICACIÓN FINAL DE MATERIA PENDENTE: O total da materia de cada curso será repartida nas tres avaliacións. O alumno fará un único exame por avaliación, sendo a nota por avaliación o resultado da seguinte expresión:</p> $N = 0,85 \cdot N1 + 0,15 \cdot N2$ <p>onde N1 é a nota do exame trimestral e N2 a media das notas dos boletíns realizados ao longo do trimestre.</p> <p>Para o cálculo da nota final de xuño farase a seguinte media ponderada:</p> $M = 0,25 \cdot A + 0,35 \cdot B + 0,4 \cdot C$ <p>sendo:</p> <p>A= nota da 1ª avaliación sen redondear B= nota da 2ª avaliación sen redondear C= nota da 3ª avaliación sen redondear</p> <p>Se unha vez redondeada M ás unidades é maior ou igual que 5, a nota da avaliación final é o redondeo de M.</p> <p>Se unha vez redondeada M ás unidades é menor que 5, farase un exame de recuperación de cada un dos parciais suspensos.</p> <p>Sendo NR a nota do exame de recuperación, calcúlase o valor $N^* = 0,85 \cdot NR + 0,15 \cdot N2$ e para recalcular a nota final de xuño considerarase que a nota da avaliación será:</p> <ol style="list-style-type: none"> O maior valor entre 5 e a media aritmética entre N e N*, cando N* sexa maior ou igual que 5. O maior valor entre N e N*, cando N* sexa menor que 5. <p>Calcularase de novo o valor M actualizando as notas das avaliacións suspensas e considerarase que a nota da avaliación final será o redondeo ás unidades do máximo entre os dous valores de M.</p> <p>En calquera caso, un alumno que supere a materia do curso que esté realizando, automaticamente se lle considerará superada a materia de pendente.</p> <p>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Procedementos: boletíns de exercicios de repaso dos distintos temas que entran en cada avaliación. Instrumentos: proba escrita e boletíns.</p> |

